



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

exp. 2024/G003/000199

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: DECRETO APERTURA NOVO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA XEFES DE BRIGADA

EXPEDIENTE:2024/G003/000199

ANTECEDENTES:

Vista a necesidade de contratación de persoal laboral temporal que ten o Concello de Toques destinado á prevención e extinción de incendios forestais debido a que xa estamos en plena campaña de verán;

Visto o Convenio de colaboración suscrito e asinado en data 30 de maio de 2023 entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Toques para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2024 (cofinanciado parcialmente co Fondo de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014- 2020;

Visto que o citado Convenio financia, en principio e baixo certa condicionalidade, o 100% da contratación dun xefe de brigada e catro peóns forestais como persoal laboral temporal;

Visto que o pasado 24 de xuño de 2024 rematou o prazo de presentación de documentación por parte das persoas candidatas aos postos de peóns, peón conductor e xefe de brigada de incendios;

Visto que no prazo establecido non houbo ninguen que presentara a documentación para optar o posto de xefe de brigada, e ante a imposibilidade de constituir a brigada sen o xefe de brigada;

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Establecer un prazo extraordinario de 3 días hábiles dende a publicación do presente Decreto na sede electrónica do Concello de Toques(<https://sede.toques.es>) para a presentación de documentación por parte dos candidatos a xefe de brigada do Concello de Toques.

SEGUNDO.- Dar conta do presente decreto na vindeira sesión ordinaria de Pleno.

En Concello de Toques, o asina o Sr. Alcalde ante o Sr. Secretario na data que figura á marxe;